

Informe sobre o escudo heráldico municipal de Betanzos

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ*

(se non se advirte, os debuxos, fotos e escaneos son do autor)

Sumario

Informe sobre a historia do escudo heráldico municipal de Betanzos con aporte de documentos, imaxes e unha proposta final.

Abstract

Report on the history of the municipal heraldic shield of Betanzos with input of documents, images and a final proposal.



etanzos, unha das capitais de provincia do Antigo Reino de Galicia, conta con numerosas representacións do seu escudo municipal desde o século XV, tanto en pedra como en madeira, cemento, bordados en bandeiras e reposteiros, debuxos sobre papel, pinturas, gravados, etc.

OS PRIMEIROS ESCUDOS EN PEDRA

Hai coincidencia xeral en que o primeiro escudo municipal de Betanzos é o que está labrado en baixorrelevo na zona oriental do intradós do arcosolio do sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez, na igrexa de San Francisco (figs. 1-2ab), datado no s. XV. Falaríanos ese escudo do oficio público («REGEDOR : DESTA : CIDADE») do persoeiro que ten ó outro lado do intradós o escudo familiar dos Reimóndez (sobre campo liso, un dragón). O que máis chama a atención é a carencia de roeles, bezantes ou tortillos, como se denominarán máis adiante.

Cronoloxicamente (primeiras décadas do s. XVI), o seguinte escudo é o que se labrou na pedra orixinal dos canos da Fonte dos Ánxeles (fig. 3ab). Tampouco ten roeles, bezantes ou tortillos. No outro extremo da pedra está o escudo do arcediano Pedro de Ben (morto en 1525 e enterrado nunha espectacular capela funeraria renacentista da igrexa de Santiago), que debeu pagar a obra desa fonte, loxicamente en estilo tamén renacentista. Na actual edificación, quizais máis ben unha reforma (unha obra de 1834), reutilizouse esta pedra ubicándoa na parte superior frontal cunha función meramente decorativa, pero na que aínda se ven, ben disimulados, os buratos tapados dos seus dous canos na parte inferior central.

A mediados do s. XVI, pola política de propaganda imperial e quizais polos enfrontamentos xudiciais de Betanzos co conde Fernando de Andrade, parece haber unha auténtica febre por marcar con escudos determinados aspectos: 1) o carácter de cidade de realengo e mesmo imperial con escudos de Carlos V no Concello, na cárcere e no hospital da Anunciata, ademais do moi político retablo do arcediano Pedro de Ben, con retratos dos emperadores Maximiliano e Carlos V, sen contar as innumerables bocachaves das

* **Alfredo Erias Martínez** é doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e arquivista-bibliotecario municipal de Betanzos.

portas das casas populares, derivadas dese escudo e que aínda hoxe podemos atopar; 2) o carácter de capitalidade provincial no reino de Galicia (escudo de Galicia no Concello, escudos da Porta da Vila; e 3) o carácter de capitalidade xurisdiccional e municipal. Todo aparece a favor dunha cidade DE REALENGO e moi ligada á política REAL e IMPERIAL do momento, por contraposición ás ambicións dos nobres.

No que respecta ó escudo municipal, loxicamente debeu abrir esta etapa o do zaguán do Concello (figs 4-5) nas «casas de consistorio» (quizais dúas unidas) construídas en tempos de Carlos V e rematadas arredor de 1550 (Erias & Veiga, 2002) por Juan de Bergantiños, o mesmo que fará os escudos da Porta da Vila. Nel aparecen por primeira vez os seis bezantes (chamados tamén por diversos autores, roeles ou tortillos), de maneira similar a como se vían en escudos da época da familia Castro (figs. 6-8). A utilización pouco rigorosa de cores na segunda metade do s. XIX (como tamén se fixo na igrexa de Santa María), confundirá a don Francisco Vales Villamarín.

Os seguintes escudos deben ser os dous que están na *Torre do Reló* (fig. 9), tamén previsiblemente de arredor de 1550. Con algunha variación, o concepto e o estilo son semellantes ó do escudo do zaguán do Concello.

O escudo da Porta da Vila deriva conceptualmente dos do zaguán do Concello e dos da *Torre do Reló*, pero é máis estilizado e non se visualiza a bóveda que cubre a torre. Hai que subliñar que forma parte dun conxunto de tres, Reino de Galicia, Reino de España e Betanzos, de tal maneira que a lenda inferior que corre sobre eles di: LAS [armas]: DEL : REINO E LA : CIBDAD.

Moi similar, aínda que algo máis esquemático e sen marcar os sillares de ponte e torre (fig. 6), é o escudo do hospital da Anunciata (desde finais do s. XVII, convento de agustinas recoletas), que comparte espazo con outro imperial de Carlos V e outro máis, inacabado. Debe datar, por tanto, do inicio das obras dese hospital, a partir de 1550 (García Oro, 1988).

Arredor de 1780 constrúese o Colexio de Orfas e remata a súa fachada un escudo de Betanzos en forma de óvalo, adornado á maneira barroca cunha palma e unha rama de loureiro, ademais de froitas varias que nos recordan as guirnaldas e os caduceos de sabor clásico. É o primeiro en pedra que aparece con coroa, aínda que esta foi destruída ó parecer na Primeira República. No debuxo reconstrúese tomando como referencia a do reló da torre de Santo Domingo, rematada no 1715.

No s. XIX destacan dous escudos: 1) o do Cuartel de Milicias de Betanzos (Museo das Mariñas), de 1818 (figs. 26-27); e 2) o da Ponte das Cascas (fig. 40), de 1846.

AS PRIMEIRAS DESCRICIÓNS

Joseph Vañales de Bourbon e Caio Hacha de Patiño

Nun traballo de Xosé Antón García Ledo (1985) reproducécese un interesante documento, con gravado incluído, do Arquivo Municipal da Coruña, e datado no 1781. Trátase dunha carta, escrita por don Joseph Vañales de Bourbon a don Caio Hacha de Patiño, escribano da Intendencia e do Concello da Coruña:

Betanzos Junio 21 de 1781

Amigo y señor: Remito a su merced diseñado el escudo de Armas y Blason de esta ciudad, que es su fondo de Azur, un Castillo de Plata almenado de tres torres, sobre un Puente de Plata afianzado de 5 [no gravado, figs. 17-18, aparecen catro] arcos o ojos, que dan passo



*Betanzos despois do incendio do 18-09-1616. «Mapa» de Antonio Vázquez.
AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).*

a un **Río**, cuías márgenes son de Sinople = al mismo fondo de Azur **6 Rodeles de oro**, tres a cada lado del Castillo, puestos en Pal = **Coronado el Escudo** a Lisses y Ponlas; orleado a Capricho: Vealo su merced diseñado, aunque con la equivocación de haberse figurado el fondo de Sinople, debiendo ser azul.

Y vea su merced en que mas puede complacerle su afectísimo amigo y ser vidor.
Joseph Vañales Bourbon [Rúbrica]

Como nota ó gravado que adxunta, engade don Joseph Vañales:

El campo del escudo, está equibocado, pues figura Sinople ó Verde y no es, ni debe ser sino azul, ó azur, hablando con propiedad del Blasón.

*Los **Roeles**, o Rodeles son de **oro**; el **castillo de Plata, como el Puente**. El fondo baxo de la Corona es de Sable, ó Negro.*

No mesmo traballo aínda se presenta outro gravado do escudo de Betanzos, deseñado por don Caio Hacha de Patiño e que sigue os mesmos criterios. Ó pé dise o seguinte:

*Su fondo azul, en el primer quarteron un castillo de plata almenado de tres torres sobre un **Puente de plata afianzado de 5 Arcos** [o debuxo ten 4] que dan paso a un **Río cuías márgenes son de Sinople**, al mismo fondo Azur **6 roeles de oro**, el escudo coronado a lises, y perlas, orleado a capricho.*

Analizando estes deseños compróbase que a existencia de escudos en pedra desde o s. XV marca os elementos principais, se ben estes autores se exceden ó poñer enriba da ponte, en vez dunha torre, un «**castillo de Plata almenado de tres torres**». Este elemento que, a pesares de denominarse «castillo», soamente se distingue da torre que coñecemos polo remate en tres pequenas torres, é claramente unha invención destes señores e non



A Torre Municipal ou do Reló xunto á igrexa de Santiago, no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

terá fortuna, pero as cores e metais si, sendo a referencia documental máis antiga coa que contamos; de feito, non variarán ata a proposta de don Francisco Vales Villamarín, publicada no *Anuario Brigantino* 1948. Inventaron estes señores as cores e metais ou, como no caso dos demais elementos, limitáronse a poñer por escrito e en deseño algo que xa existía? Evidentemente as cores e metais xa tiñan unha historia como os demais elementos e Vañales e Hacha de Patiño, en liñas xerais, non fixeron máis que refrendalos. De feito, o pendón real, de orixe medieval, xa se documenta no noso Concello na última década do s. XVI, sendo levado e tremolado polo *Alferez Mayor* (Núñez, 2003) en cantas ocasións solemnes saía en procesión, como no caso da proclamación de reis.

Verín y Seijas

Pola súa banda, a *Historia de la Ciudad de Betanzos* (ano 1892) de don Manuel Martínez Santiso, recollendo a opinión de outra *Historia de Betanzos* de Verín y Seijas (inédita, data de 1812 e está no Arquivo Municipal de Betanzos) di ó respecto (páxs. 314-316):

Estas armas, según se describen en la Historia del señor Verín Seijas, se componen de campo ó fondo azul; un puente de tres arcos y un castillo sobre él al medio, de dos cuerpos, de plata ambas piezas, y seis redondeles, tres á cada lado del castillo, de oro; un río del color natural por debajo del puente, una cabeza de dragón en lo más alto del escudo y sobre ella la corona ducal. La explicación de estas armas según el mismo autor, es como sigue: «Ese río es el Mandeo y ese puente y castillo es el Puente viejo, que está sobre él y tenía en otro tiempo una torre que fué demolida en el primer tercio de este siglo [s. XIX]; los seis redondeles dorados significan seis castros ó sitios elevados que rodean al pueblo, entre los cuales se halla el antiguo castro de Unta, representado en el puente y castillo; la cabeza del dragón alude al tiempo de los suevos, pues este animal era la divisa de aquéllos, y la corona ducal da á entender la antigua categoría de la ciudad, equivalente á las primeras dignidades del feudalismo; y así como éstas tenían delante de sus castillos el símbolo jurisdiccional, así también Betanzos tenía delante de sus murallas el mismo símbolo, llamado rollo, ó sea el instrumento del suplicio, y aún se llama calle del Rollo á la que conduce al sitio donde aquél se hallaba, extramuros del pueblo.

El fondo azul del escudo, igual al de Galicia con el Santísimo Sacramento, indica que Betanzos es una de las antiguas ciudades de este reino. En el año de 1735 se añadieron las banderas, cañones y atributos de guerra, en atención á que aquel año se creó el Regimiento provincial de esta ciudad.

Verín afianza as cores que xa vimos no s. XVIII, fixa sobre a Ponte Vella (que a representa, por motivos puramente estéticos, como «*puente de tres arcos*») un «*castillo... al medio, de dos cuerpos*», copiando a Torre Caramona que aínda el poido ver, e explica a natureza

dos «*seis redondeles*» como alusión a «*seis castros ó sitios elevados que rodean al pueblo, entre los cuales se halla el antiguo castro de Unta, representado en el puente y castillo*». Esta explicación dos castros resulta crible e é moi probable que remita formalmente ó escudo da poderosa familia Castro (figs. 6-8), que adoitaba ter presenza destacada no Concello do s. XVI. Mesmo é lóxico que fose algún dos seus membros quen lograra introducir os seus seis roeles no escudo municipal, por máis que logo se transmutasen en bezantes de ouro. Quizais un antecesor no cargo do poderoso don Fernando Ruiz de Castro, que sería nomeado *Alférez Mayor* (polo tanto, encargado do pendón e demais símbolos da cidade) o 9-12-1591 (Núñez, 2003).

Sen embargo, Verín aporta novidades que soamente se poden entender lendo a súa *Historia de Betanzos...* (1812) na que dá un protagonismo especial ó tempo dos suevos: «*una cabeza de dragón en lo más alto del escudo y sobre ella la corona ducal*». Ningún dos dous elementos se pode documentar suficientemente en tempos anteriores a Verín, a menos que se consideren ducais as coroas de Vañales de Bourbon e Hacha de Patiño arredor de 1781 que, en todo caso, serían unha pura ocorrencia, non explicada, destes autores (figs. 17-20).

Verín aínda documenta outros elementos que no seu tempo coñeceu, pero que a nós nos chegarán moito máis tarde e a través dos selos municipais: as «*banderas, cañones y atributos de guerra*», engadidas en 1735, ano de creación do *Regimiento Provincial de Betanzos*.

Vales Villamarín

O primeiro traballo importante que sobre o escudo se fixo atópase no *Anuario Brigantino 1948*, na «*Heráldica Brigantina (I)*» de don Francisco Vales Villamarín. Presentou alí unha serie de documentos e conclusións que iluminaron a historia do escudo e dos seus elementos. A súa proposta, tomando como base incontestable o «*Blasón de la ciudad existente en el vestíbulo de la Casa Consistorial*» (cores incluídas) era como sigue:

«En campo de azul, un puente de plata, de cuatro arcos, con sus correspondientes apartaderos y tajamares, sobre aguas de río, al natural, sumado de una torre de dos cuerpos almenados, también de plata, aclarada de sable, mazonada, como el puente, de lo mismo, cubierta de gules y flanqueada por seis tortillos, igualmente de gules, tres a cada lado, puestos en pal».

Moitos anos máis tarde, este mesmo traballo, convertido en informe, foi enviado polo Concello á *Real Academia de la Historia*, co obxecto de que ratificase a proposta e a convertise en oficial. O informe de don Dalmiro de la Válgoma, secretario da Real Academia de la Historia, foi aprobado en sesión de 8 de marzo de 1974 e publicado no *Boletín de la Real Academia de la Historia* de 1975, t. 172, p. 527. Di o seguinte:



O edificio do Concello construído en tempos de Carlos V, no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

BETANZOS (LA CORUÑA)

El Ayuntamiento de Betanzos (Coruña), inicia expediente que le faculte para ostentar -rehabilitar o confirmar- su blasón municipal.

Con propósito tal, el Concejo interesado aduce expresivo opúsculo del Cronista Oficial de dicha localidad brigantina, en el que, con profusa y elocuente documentación, se acredita cuál es y era antaño la heráldica local.

Queda patente ahí que el aludido blasón es como sigue: de azur [azul], puente de plata, de cuatro arcos, sobre ondas de plata y azur, sumado de torre de dos cuerpos, almenados también de plata, aclarado de sable [negro] y mazonado, acompañado de seis tortillos de gules [vermello], tres a cada lado puestos en pal. Al timbre corona real abierta.

Como también acertadamente se propone (y según aprecian los mismos promotores de esta armería), obsérvanse la irregularidad heráldica de que los «tortillos», de gules, cargan sobre el campo de azur, pareciendo conveniente que dichas piezas aparezcan **fileteadas de plata**, bien que semejante arbitrio pueda tener difícil realidad gráfica en sellos y otras estampaciones de pequeña proporción, habituales en esta suerte de casos.

La Real Academia, no obstante, resolverá como entienda más oportuno.

Madrid, 26 de febrero de 1974.

DALMIRO DE LA VÁLGOMA.

(Aprobado en sesión de 8 de marzo de 1974.)

A don Francisco Vales Villamarín, convencido de que os «tortillos» tiñan a cor vermella desde antigo, esta fórmula do fileteado de prata non lle gustou nada e ó Concello (quizais por non contradicir ó seu cronista) tampouco. De calquera xeito, estaba claro que o fileteado era un artificio contrario ó sentido común: non facía falta ser experto, posto que tal cousa non aparecía en ningún dos escudos antigos. Como consecuencia, o Concello limitouse a utilizar o escudo proposto polo cronista, ignorando o fileteado de prata arredor dos «tortillos». Algún exemplo dese fileteado pode atoparse (fig. 95), pero é excepcional.

Hai que concluir, por conseguinte, que nalgunha parte do proceso de oficialización houbo un erro que provocou outros máis.

O erro principal, do que se derivaron outros secundarios, foi considerar que as cores do escudo municipal que está no zaguán do Concello eran orixinais: «*A nuestro juicio [di don Francisco Vales], el mentado escudo es el primero que recibió en Betanzos los colores heráldicos, conservándolos hoy casi en su integridad, pues las restauraciones que sufrieron hace algún tiempo determinados elementos de aquél, no alteraron esencialmente las características del emblema local*». E dando, con esta escasa base, por pechado o asunto, aínda sigue o razoamento, agora en clave lírica: «*¿Querrían los regidores betanceros dar a los aludidos tortillos la coloración rojiza que por el otoño presentarían los viñedos del contorno, para que quedase patentizada en el emblema local la principal actividad agrícola del término concejil, destacando, radiante, luminosa, sobre el campo de azur, símbolo del purísimo cielo mariñán?*»

Antes das festas era corrente que se pintasen os edificios públicos e, neste senso, está documentado para 1868 (actas capitulares), por poñer un exemplo, o encargo de «*retocar y pintar los camafeos o bustos que se hallan en el frente de la entrada interior de la casa Consistorial y retocar los rótulos de la misma...*» (nesa zona está o escudo en cuestión). Por outra parte, sabemos que no 1889 se pintou a igrexa de Santa María do Azogue, cousa que horrorizou a moita xente, en especial a don Calixto Leis Ponte, que fai unha crítica moi dura ó respecto (*Galicia Diplomática* 3-02-1889 e 31-03-1889), especialmente cando se refire ó timpano da porta norte «*que nunca había sido profanado*»

e do que di, «*excita la hilaridad, ¡tan grande es la indignación que produce!*»: parte desas cores espantosas aínda perduran, por certo.

Pois ben, visto o caso de Santa María, que valor podemos dar ás cores dos escudos de Betanzos, de Galicia e do Imperial de Carlos V no zaguán do Concello? Está claro que hai que velos con todas as prevencións e, desde logo, non hai nada que indique que foron cores antigas nin postas con rigor, máxime se temos en conta que se documentan bezantes de ouro desde 1781 sen interrupción, como se demostra no apéndice gráfico e documental.

Don Francisco era por riba de todo un poeta e o seu amor por Betanzos desbordáballe o corazón; resultoulle daquela inspirador ligar os seis «*tortillos*» coas monterías agrícolas, que son sete, por certo, aínda que el une dúas. Foi tan teimudo con este asunto que non lle deu a importancia que merecía ó espléndido gravado de F. Pardo de 1824 que, curiosamente, no seu traballo se publicaba por primeira vez e no que se simbolizaban as cores e os metais perfectamente, cousa que se vía tamén no pendón municipal, que tantas veces el levou, e que data de 1815, a principios da primeira restauración de Fernando VII. Esta estética coñecíaa Vales ademais pola medalla da proclamación de Fernando VII en Betanzos no 1815 e con máis claridade (perfectamente visibles os símbolos de cores e metais) pola medalla da proclamación de Isabel II en Betanzos no 1933. Pero, aínda así, na nota 4 do seu traballo non dubida en dar por feito o seguinte:

*Representan estos tortillos las seis monterías o lomas que rodean la ciudad, para las que antiguamente se nombraban guardas pertenecientes al gremio de San Antonio Abad o de los labradores, a cuyo cargo estaba la vigilancia de los sembrados y viñedos en ellas situados. Estas monterías, en un acuerdo municipal de 1568, señalando los días y lugares en que debía verificarse la vendimia, se designan del siguiente modo: Cacabelos; Mandeu; Gimerás y Loureiros; Sarra; Ribalta, y Abelares. Hállanse, pues, en un **craso error** aquellos cronistas que nos hablan de los seis **castros que circundaban el de Untia**, cuando no seis, sino más de una docena de estas prerrománicas [sic.] fortificaciones podemos citar en las cercanías de Betanzos, dignas todas ellas, por su excelente posición estratégica, de figurar en el blasón brigantino. Y tampoco están en lo cierto quienes aseguran que las referidas seantes [sic.] hacen **alusión a los Castro**, condes de Lemos, que poseyeron -dicen- el señorío de la ciudad, interpretación inadmisibles, por cuanto dichos nobles nunca, que sepamos, ejercieron dominio sobre la misma y, además, porque usaban por armas roeles de azur en campo de plata, y nuestro escudo, como hicimos notar, luce sobre campo de azur tortillos de gules.*

É certo que os Castro usaban seis roeles de azur en campo de prata, segundo Crespo Pozo (1957-1965), tamén é verdade que os condes de Lemos (que herdarían a moi famosa casa de Andrade) nunca foron señores da cidade, pero, aínda así, o apelido Castro é moi importante o mesmo que a significación antiga desa palabra, presente na rúa e «*plaza del castro*», documentada polo menos desde o s. XV (Erias, 1984), sen contar as pezas heráldicas que sobre eles hai na cidade e comarca (figs. 6-8). Polo tanto, non é ilóxico pensar que por diversas razóns, entre as que están as puramente estéticas, se adoptasen en tempos de Carlos V os roeles dos Castro, pero personalizándoos: convertéronse en bezantes de ouro, suavizados nos bordes, precisamente para parecerse máis ás fortificacións castrexas. Ten sentido e abalaría a posterior explicación de Verín. O feito de que haxa máis ou menos castros arredor da cidade non ten importancia, posto que se fusionarían os seis roeles dos Castro coa idea xenérica de moitos castros rodeando a cidade como castro principal (o de Untia), subliñando ademais o seu carácter, xa mítico, de antigüidade. De tódolos xeitos, tamén se poden sinalar doadamente seis castros neste contexto: Untia (enriba do que está



A Ponte Nova sobre o río Mendo na primeira metade do s. XX. AMB.



A Ponte Nova no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

a cidade de Betanzos); Tiobre (moi alterado, onde está a igrexa románica e desde onde veu a poboación de «Betanzos o Vello» para o castro de Untia arredor de 1219, logo *Vila Nova de Betanzos*); «Castro Vello» ou da Xerpe; Obre; Xan Rozo e Castro (na parroquia de San Pedro das Viñas, popularmente a Angustia).

Pero estas non foron as consideracións que fixo don Paco Vales e, perfectamente impermeable a calquera idea que atacase os seus «*tortillos de gules*», pasa por alto que tivesen que ver coa idea de castros, como dixerá Verín.

A partir daquí, a torre «*cubierta de gules*» non é máis que un erro derivado, que se aumenta pola incompreensión da múltiple perspectiva que aplica o escultor á ponte e á torre. Vese que o individuo encargado de repintar os «camafeos», e probablemente os escudos, para a festa, non debía estar no segredo de dourar e decidiu pola súa conta substituír o ouro (sempre máis caro) pola cor vermella. A menos que esa cor vermella fose o típico bol arménico que ía debaixo das láminas de ouro no dourado tradicional, láminas que finalmente non se puxeron. En calquera caso, ninguén lle debeu dar moita importancia ó asunto e os anos

pasaron. Da pouca categoría deste pintor da fe a súa interpretación do remate da torre.

Ninguén reparou no feito de que a representación escultórica da Ponte Vella e da Torre Caramona presenta simultaneamente catro puntos de vista, con obxecto dunha maior claridade, que, finalmente, devén en escuridade.

Por unha parte, o conxunto está visto **de fronte** (ponte e pretil próximo, fachadas frontais do primeiro e segundo corpo da torre). Logo, vese **desde a esquerda**, e tamén **desde a dereita**, de tal maneira que así podemos contemplar con claridade os arcos de entrada e saída da propia torre, polos que atravesaba a xente e os carruaxes sobre a calzada da ponte. Aquí, o escultor creou xa unha confusión, porque, nun primeiro vistazo, semella que a torre era exagonal, ou mesmo octogonal, cando era en realidade cadrada. Outro punto de vista é **desde arriba**: con el o escultor quixo facer visible a calzada da ponte e o pretil posterior. Ademais, esta visión de paxaro tamén lle permitía amosar a parte superior do ameado das torres. E aquí chega a seguinte confusión, porque no cumio, o que sería o teito de pedra da torre (parece unha cúpula semiesférica), ten unha certa semellanza formal cos «*tortillos*», aínda que é moito máis grande. E o pintor, posto a poñer vermello, tamén o puxo aquí: é, evidentemente, unha arbitrariedade sen ningún sentido. Esta é a razón de que don Francisco Vales vise alí unha «*cubierta de gules*».

OS ELEMENTOS DO ESCUDO

O río, a ponte e a torre

A existencia de pontes é connatural a unha cidade como Betanzos rodeada polos ríos Mendo e Mandeo. Por iso, no documento de traslación de 1219 xa se fala da «*ponte de illas Cascas*» e das «*pontes de Untia*» (Veiga, 1998).

Cando as representacións nos amosan unha ponte de máis de tres arcos, non hai dúbida: trátase da Ponte Vella. Así ocorre no escudo da Fonte dos Ánxeles (figs. 3a-b), o primeiro do s. XVI, aínda sen bezantes; no do zaguán do Concello (figs. 4-5), o segundo do s. XVI e o primeiro con bezantes; nos dous da *Torre do Reló* (fig.9), tamén do s. XVI; no do antigo Hospital da Anunciata (fig. 14), da segunda metade do s. XVI, hoxe convento de agustinas recoletas; nos deseños arredor de 1781 por Joseph Vañales Bourbon e Caio Hacha de Patiño (figs. 17-20); no do cuartel de milicias (figs. 26-27), de 1818; no selo da «*Protección y Seguridad Pública de la Comisaría del Distrito de Bertanzos*» (fig. 39), de 1844; no da Ponte das Cascas (fig. 40), de 1846; no reposteiro dos anos 40 do s. XX (fig. 64), etc.

Logo hai outros nos que aparecen tres arcos e isto levou a confusión, posto que a medieval Ponte Nova tiña tres arcos apuntados (un deles aínda sobreviviu ata a súa destrución total no 1969) e tamén unha torre defensiva (que cambiou de ubicación na mesma ponte), así mesmo chamada «Caramona» (Núñez e Rivadulla, 1986; Veiga, 1998). Entre estes escudos sobresa o primeiro de todos: o que aparece no arcosolio do sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez (figs. 1-2a-2b), que era «REGEDOR : DESTA : CIDADE» e que podería referirse á Ponte Nova, pero o parecido da torre co escudo da Fonte dos Ánxeles, do s. XVI (o segundo escudo en pedra coñecido) lévanos á dúbida, posto que neste caso a ponte, de catro arcos de medio punto, é inequivocamente a Vella. Hai outros con tres: o da Porta da Vila, aínda que se adiviña que ten máis arcos (figs. 10-11); o do Colexio de Orfas, de finais do s. XVIII (fig. 16); o dos selos do «*Regimiento Provincial*» (figs. 22, 34); o da medalla de «Regidor» (fig. 23); o do Cuartel de Milicias de 1818 (figs. 26-27), etc. E logo hai unha serie de escudos con ponte de tres arcos que



A Ponte Vella sobre o río Mandeo a finais do s. XIX. Foto: F. J. Martínez Santiso. AMB.



A Ponte Vella, coa porta da muralla do mesmo nome, no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

empezan na medalla de proclamación de Fernando VII (1815, fig. 21) e no pendón (1815, figs. 24-25) e siguen co gravado de F. Pardo (1824, figs. 28-29) e outros máis como o da caixa dos bandos (figs. 35-36), o de outro pendón (fig. 37), o dos sombreiros dos maceiros (fig. 38), etc.; pero se cabía algunha dúbida de que se trata en todos da Ponte Vella, resolve este problema o selo da «*Protección y Seguridad Pública de la Comisaría del Distrito de Betanzos*» do 24-07-1844 (fig. 39) que, mantendo o mesmo deseño, presenta unha ponte con cinco arcos, sendo por tanto a Ponte Vella.

A conclusión é que a ponte que se representa sempre ou case sempre no escudo de Betanzos é a Ponte Vella, teña o número de arcos que teña. Calquera outra imaxe, como o caso do primeiro escudo, adoita ter carácter excepcional, ademais de dubidoso.

Neste senso, polo tanto, Verín tiña razón, porque aínda que el di que a Ponte ten tres arcos (unha mera opción estética do seu tempo), logo engade que está enriba do río Mandeo: «*Ese rio es el Mandeo y ese puente y castillo es el Puente viejo*».

En canto á torre, denominada ás veces «castillo», remite á da Ponte Vella. Tiña base aproximadamente cuadrangular e dous corpos ameados. O feito de querer amosar nos escudos os arcos de entrada e saída pode producir o efecto de ser exagonal ou mesmo octogonal, pero é unha ilusión óptica. Alí almacenouse a pólvora do *Regimiento Provincial de Betanzos* e da *Real Hacienda*. No 1572-1581 reconstruíuse a Ponte Vella e en 1693 un documento describía a súa torre Caramona así:

Una torre con sus almenas y armas reales a modo de castillo, con dos arcos y una bóveda de cantería por donde se pasa, con vivienda arriba. Tiene sesenta pies de alto y de ancho beynte y quatro (Vales, 1948).

Por este mesmo documento que cita Vales (1948), sabemos que na mesma data de 1693 «*existía una construcción semejante en el Puente Nuevo*». Xa Veiga (1998) desmontou absolutamente a afirmación de Núñez e Rivadulla (1986) de que a Caramona era en exclusiva a torre da Ponte Nova; logo, aínda persevera no erro Núñez (1997) que considera que a Ponte Vella non tiña torre antes das obras de 1572-1581. Porque Veiga (1998) documenta que as dúas pontes tiñan sendas torres en 1554 e eu engado que no escudo da Fonte dos Ánxeles da época do arcediano Pedro de Ben (morto en 1525), que a debeu pagar (porque pon o seu escudo á beira), a ponte é a Vella e ten torre defensiva (figs. 3ab). Por tanto, conclúo con Veiga que as dúas pontes tiñan torres e que estas proceden da Idade Media; quizais, como el suxire con lóxica, do s. XIV, da época de Enrique II (e o seu vasalo, Fernán Pérez de Andrade) que nunha provisión real do 8-02-1372 (Vales, 1949, 1996) di: «*... mas queremos e mandamos e otorgamos, por acrecentamiento de la dicha villa e para fornimiento e mantenimiento de los muros e cercas della...*». A Caramona da Ponte Nova poido ser destruída (Veiga, 1998) no 1763-1769 con motivo da construción do camiño de acceso a Galicia proxectado por Carlos Lemaur. A torre Caramona da Ponte Vella, en cambio, resistiu ata o Trienio Liberal, cando se propón o seu derrubamento no 1821 e se consegue no 1823 (Martínez Santiso, 1892: 434).

Por outra parte, Veiga atopa que as dúas pontes aparecen unhas veces nos documentos como «Carmona» e outras como «Caramona». Martínez Santiso (1892: 434) dixo que o nome de «Caramona» debíase a que tiña enriba a «*cara de un animal mitológico o heráldico*», pero non parece que ese sexa o motivo da confusión que xa se dá no s. XVI e Veiga conclúe con dúas hipóteses: 1) a primeira, plausible, que adoptaron ese nome as torres, consturidas en época de Andrade en recordo da última gran praza conquistada por

Enrique II a Pedro I, a vila de Carmona; e 2) quizais algun tipo de relación especial co «*Magistrado Señor Licenciado Carmona Teniente de Corregidor e Justicia*» de 1549-50 (anos de tantas obras). Fose como fose, logo a nivel popular cambiaríanse os nomes a «Caramona» (Veiga, 1998).

Roeles, bezantes ou tortillos, cores ou metais?

Roel é unha peza circular. Cando é de metal denomínase bezante e se é de cor pode chamarse tortillo. Xa se dixo bastante sobre estes seis elementos, tres a cada lado da torre, postos en pal. Vémoslos por primeira vez no escudo do zaguán do Concello. Parece claro que representan castros para dar sentido de antigüidade á cidade, asentada sobre o castro de Untia. Para dicilo heraldiricamente é lóxico que para significar «castro» adoptasen os roeles da familia Castro, aínda que personalizándoos: suavizaron os bordes e cubríronos de ouro. Neste senso, por conseguinte, ó ser de ouro, a súa denominación debe ser a de **bezantes**, posto que o termo «tortillos», que podería parecer axeitado pola suavización dos bordes dos roeles, soamente se aplicaría, como se dixo, se os roeles levaran cor.



A Porta da Vila tal como debeu quedar despois das obras (cos escudos, aínda que aquí non aparecen) de mediados do s. XVI no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

A coroa

Verín fala dunha «*cabeza de dragón en lo más alto del escudo y sobre ella la corona ducal*», aspectos os dous moi dubidosos e dos que non temos imaxes. Non sabemos se houbo algún deseño así ou se era unha proposta.

Non vemos coroa algunha ata as últimas décadas do s. XVIII, no escudo do Colexio de Orfas, no deseño de don Joseph Vañales Bourbon de 1781 (figs. 17-18) e no de don Caio Hacha de Patiño (figs. 19-20). Nestes dous últimos casos semella unha coroa real aberta e unha pechada, respectivamente. Despois, o escudo sen coroa é excepción: o dun selo de 1844 (fig. 39); o da Ponte das Cascas de 1846 (fig. 40), ano da sublevación de Solís; o dun banco do Concello (figs. 41-43), quizais do Sexenio Revolucionario; o do selo da República Federal de 1873 (fig. 50); o do «Libro de Oro» (1973), deseñado por José Veiga Roel; o da homenaxe argentina ó republicano Andrés Bede Dopico (fig. 95) e quizais algún outro.

Desde logo, a coroa real pechada, que xa tiña presenza simbólica desde a chegada dos Borbóns no s. XVIII, colle carta de natureza nos dous períodos da restauración absolutista de Fernando VII (1814-1820 e 1823-1833) e a súa influencia posterior é moi grande.

Así, pois, tendo en conta o devir histórico, hoxe o Concello pode optar por tres solucións ó respecto: 1) **un escudo sen coroa**, baseándose en que non a tiña na Idade Media nin na época dos Austrias; 2) **un escudo con coroa real pechada** que, con escasas excepcións, está presente desde o s. XVIII, cos Borbóns, ata hoxe; e 3) **un escudo con coroa mural**

indicativa de «cidade» (título desde 1465) e ademais amurallada (na Primeira e Segunda República e nos selos de 1937-1967, aproximadamente).

Orlas

Ó longo do tempo constatamos que o escudo de Betanzos tende á sobriedade. Sen embargo, a ornamentación tamén aparece e ás veces de maneira xenerosa. Don Joseph Vañales Bourbon represéntoo no 1781 sobre un pergameo que se enrola e deserrola (figs. 17-18), seguindo un modelo xeral que se iniciou no s. XVI e que tivo moita fortuna en Heráldica.

No escudo do Colexio de Orfas (fig. 16) vemos por primeira vez a palma e loureiro triunfais unidas ós símbolos da fertilidade agrícola, algo propio da Ilustración do s. XVIII. Sen embargo esta mesma palma e loureiro, que aparecen reiteradamente na época das dúas restauracións de Fernando VII, cambian aquí de significado e deben entenderse como símbolo de propaganda política, de triunfo dos absolutistas sobre os liberais (figs. 24-31, 35-38).

No selo da «*Protección y Seguridad Pública de la Comisaría del Distrito de Betanzos*» (fig. 39), de 1844, xógase coa cartela, de tanta presenza nas nosas tres igrexas góticas.

As armas e bandeiras, que Verín data desde a creación do «*Regimiento Provincial de Betanzos*» en 1735 soamente as vemos a partir de mediados do s. XIX en selos do Concello (figs. 45-49). Por outra parte, o gorro frixio que, a maneira de timbre, substitúe brevemente nos selos á cabeza do mítico rei Brigo (nun documento do 25-11-1873, «*ALCALDIA REPUBLICANA FEDERAL DE BETANZOS*», fig. 50) non debe considerarse ornamentación, senon un elemento sustancial dentro da simboloxía republicana da época.

A ornamentación do escudo sube de nivel, cualitativa e cuantitativamente, co artista Francisco Javier Martínez Santiso. Vémolo xogar co rei Brigo, coas armas e bandeiras en escudos dos primeiros anos do s. XX (figs. 52, 53, 56, 61) ata culminar no impresionante de 1909 (fig. 54), onde utiliza como marco o renacentista arcosolio do sepulcro do arcediano Pedro de Ben, da igrexa de Santiago. Pero non rematou aquí, porque no seu deseño da marabillosa Fonte de Picachá de 1911, flanquea o escudo uns estilizados peixes (fig. 55). E no 1912 diseña un dos escudos máis repetidos da Historia de Betanzos no que teñen protagonismo especial as armas e bandeiras, ademais da cabeza do rei Brigo; un escudo que será versionado por Antonio Núñez Díaz (fig. 63), pero sobre todo por Emilio de la Iglesia Caruncho na portada do *Anuario Brigantino 1948*, polo escultor José Juan González (figs. 65-66-66a), etc. Precisamente, a importancia que nestes escudos se dá á figura do rei Brigo (que o vemos en selos desde mediados do s. XIX) cobra outra dimensión no moi orixinal deseño de Camilo Díaz Baliño para a portada do programa de festas patronais de 1934 (fig. 85), un artista (o pai de Isaac Díaz Pardo) que será asasinado no 1936 e que probablemente xa deseñara no 1915 a Bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos (figs. 70-71), onde a orla que bordea o escudo, con formas xeométricas, non ten precedentes.

Rematan os grandes deseños de F. J. Martínez Santiso co que fai en xuño de 1929 para a «*Insignia del Alcalde de la Ciudad de Betanzos*» (fig. 76), onde une o concepto de pergameo do s. XVI, coas formas ondeantes das follas do acanto clásico, dando como resultado unha estética barroca na que o timbre é a coroa real aberta diante do bastón vermello. Este deseño levaríase á realidade moito despois, en tempos do alcalde Manuel Lagares Pérez.

O pergameo, por certo, vímoloo tamén no programa de festas de 1927 (fig. 74) e chegará á súa máxima expresión na placa que o pobo lle dá a don Juan García Naveira no 1929 (Museo das Mariñas, fig. 75), enmarcando un escudo que se herda dos tempos de Fernando

VII, concretamente da medalla da súa proclamación en 1815 e tamén da que se fixo para a proclamación da súa filla, Isabel II, no 1833.

Se falamos de ornamentación hai que pensar na necesaria pegada da *art nouveau*, co seu gosto pola vexetación e especialmente polas flores. Vemos isto claramente na guirnalda que sostén os dous escudos idénticos das «Escuelas Jesús García Naveira», de 1917 (fig. 69), deseñados por Rafael González Villar. Pero este arquitecto soamente é algo orixinal no adorno, porque o escudo é copiado dos varios que existen da época de Fernando VII, incluído o do pendón da cidade.

Onde si é máis orixinal González Villar é nos dous escudos idénticos que diseña para a fachada da Casa Núñez no 1923 (fig. 72). A palma e o loureiro son substituídos por guirnalda floral; enriba da coroa real aberta vemos, a maneira de timbre, o caduceo de Mercurio, símbolo do Comercio; a ámbolos dous lados dos escudos, sendos espectaculares loros tropicais (acaso estaban na casa), que subliñan a relación familiar dos Núñez con América e en especial con Uruguay; e como base, un recipiente clásico cheo de vexetación e flores que é un símbolo máis de riqueza que os Núñez, sen dúbida (cun banco, un gran centro comercial para a época, unha industria de produción de electricidade, etc.), querían amosar. Realizados en cerámica, as cores siguen vivas e marabillosas como o primeiro día.

CONCLUSIÓN E PROPOSTAS

O escudo municipal de Betanzos non foi alleo ós avatares da historia e, neste senso, hai que subliñar dúas épocas fundamentais nas que agroman por todas partes os símbolos municipais como elementos de propaganda política: 1) a de Carlos V coa súa insistencia na importancia do *Sacro Imperio Romano Germánico*, e a de Fernando VII (recórdese que na Sala Capitular do concello hai un retrato con balazos deste rei realizado por Esteve, un discípulo de Goya) en favor da tradición absolutista e en contra dos liberais.

Curiosamente, na época de Carlos I de España e V do *Sacro Imperio Romano Germánico*, chamado nas actas capitulares de Betanzos «*Ynbitisymo Çésar*» (Erias & Veiga, 2002), o escudo nunca leva coroa: a coroa resérvase en exclusiva para o escudo imperial (no concello, na cárcere e no hospital da Anunciata) ou para o escudo de España (na Porta da Vila, coas armas de Castela e León). Tampouco o escudo de Galicia leva coroa (o do zaguán do Concello e o da Porta da Vila).

Moito máis tarde, nas primeiras décadas do s. XIX e máis aló, o Antigo Réxime, querido polos absolutistas, represéntase pola lenda do tempo de Fernando VII: «*LA M(uy) N(oble) L(eal) Y R(eal) ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS*». Unha lenda que tería a súa contraposición nos períodos liberais nesta breve, sobria e contundente lenda, que veremos, sobre todo, nos selos do Concello: AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL DE BETANZOS. Obviamente, a palabra «CONSTITUCIONAL» marca a diferenza.

A modo de exemplo das alteracións simbólicas que se producían cos cambios políticos no s. XIX, a mañá do 14-07-1823 as tropas de Angulema entran en Betanzos para acabar co Trienio Liberal e inmediatamente borrar as inscricións «*Plaza de la Constitución*» e outras relativas a Quiroga e Agar. Serán substituídas por «*tres escudos con sus coronas y mas adresos correspondientes, el uno con las Armas de este Reino de Galicia, el otro con la inscripción de Plaza Real, y el otro con las armas de esta M. N. Ciudad*» (Erias, 1995). Aínda hoxe a fachada do Concello garda memoria esvaída destes escudos varias veces repintados, coas seguintes alteracións (como a determinada por Vales Villamarín).



Escudos do reino de Galicia, do reino de España e de Betanzos na fachada do Concello, que xurden coa chegada o 14-07-1823 das tropas de Angulema para acabar co Trienio Liberal. Teñen, polo tanto, orixe absolutista e foron repintados e alterados en varias ocasións.

Todo o demais (deseños varios en edificios, publicacións, vehículos, Globo, etc.), son avatares interesantes para unha catalogación exhaustiva, pero innecesarias agora.

Chegados a este punto, simplemente propónse volver ás orixes, partindo do escudo do zaguán do Concello, pero rectificando a chapuza que fixo o pouco informado pintor do s. XIX. Isto significa eliminar a «*cubierta de gules*» enriba da torre e cambiar de vermello a ouro os bezantes (que, por isto mesmo, xa non se poden denominar «tortillos»). Tampouco parece moi estético (porque a Estética tamén xoga en Heráldica) facer caso ó pintor mantendo de «sable» (negro) arcos, portas e fiestras. En canto á coroa, como xa se dixo, hai tres opcións que se poden xustificar historicamente: **A) sen coroa**, como no século XV e no tempo dos Austrias (en especial, do rei Carlos I de España e emperador Carlos V do Sacro Imperio Romano Xermánico); **B) con coroa**, como na época dos Borbóns (desde o s. XVIII ata hoxe coas excepcións da Primeira e Segunda República e da etapa que vai de 1937 a 1967 aproximadamente); e **C), con coroa mural**, indicativa de «CIBDAD» (como se le debaixo dos escudos da Porta da Vila, de mediados do s. XVI), unha cidade con título desde 1465, amurallada ademais e con tradición de levar o seu escudo esa coroa(nos selos) polo menos na etapa que vai de 1937 a 1967, aproximadamente.

Opción A, sen coroa (fig. 99):

En campo de azur, ponte de prata de sillería, de catro arcos, cos seus correspondentes apartadeiros e tallamares, sobre augas de río, ó natural, sumada dunha torre, tamén de sillería, de dous corpos ameados, así mesmo de prata, flanqueada por seis bezantes de ouro, tres a cada lado, postos en pal.

Opción B, con coroa borbónica (fig. 100):

En campo de azur, ponte de prata de sillería, de catro arcos, cos seus correspondentes apartadeiros e tallamares, sobre augas de río, ó natural, sumada dunha torre, tamén de sillería, de dous corpos ameados, así mesmo de prata, flanqueada por seis bezantes de ouro, tres a cada lado, postos en pal. No timbre, coroa real pechada.

Opción C, con coroa muralis (fig. 101):

En campo de azur, ponte de prata de sillería, de catro arcos, cos seus correspondentes apartadeiros e tallamares, sobre augas de río, ó natural, sumada dunha torre, tamén de sillería, de dous corpos ameados, así mesmo de prata, flanqueada por seis bezantes de ouro, tres a cada lado, postos en pal. No timbre, coroa mural indicativa de cidade amurallada.

BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO MALLÓN, Baudilio y REY CASTELAO, Ofelia (2010): «El incendio de Betanzos de 1616». *Anuario Brigantino*.
- CRESPO POZO, José Santiago (1957-1965): *Blasones y Linajes de Galicia*. Editorial de los Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela.
- DOMÍNGUEZ GARCÍA, José Manuel (2010): «El «Colegio de Niñas Pobres» de Betanzos, heredero del antiguo «Colegio de Huérfanas»: Algunos apuntes sobre la enseñanza elemental en Betanzos durante el siglo XIX». *Anuario Brigantino*.
- ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo (1984): «Tres asuntos mariñáns: 1) "O Berce", ara romana de Vilacova; 2) "Afonso de Carvallido", un "mercador betanceiro do s. XV, cabecilla dos irmandiños; 3) a inscrición da Porta da Ponte Nova de Betanzos». *Anuario Brigantino*.
- (1995): «Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos». *Anuario Brigantino*.
- (2014): *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos: San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago*. Briga Edicións e Xunta de Galicia, Betanzos e Santiago de Compostela.
- ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo, VEIGA FERREIRA, José M^a (2002): «Betanzos y su provincia en la época del Emperador Carlos V». *Anuario Brigantino*.
- (2003): «Francisco Javier Martínez Santiso (I): «inteligente de obras»». *Anuario Brigantino*.
- (2006): «Francisco Javier Martínez Santiso (II): «inteligente de obras»». *Anuario Brigantino*.
- GARCÍA LEDO, Xosé Antón (1985): «Descripción do escudo de Betanços no século XVIII». *Programa de festas patronais de San Roque*.
- GARCÍA ORO, José (1988): «Hospitales y médicos en Betanzos durante el siglo XVI». *Anuario Brigantino*.
- MARTÍNEZ BARRAL, Rosina (1983): «Francisco Javier Martínez Santiso (1868-1934)». *Anuario Brigantino*.
- MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1892): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Sucesores de Castañeira (editores e impresores), Betanzos.
- (1892/1987): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Edición facsímile da Deputación Provincial da Coruña, dirixida por Alfredo Erias Martínez, a quen se debe tamén a introdución.
- NAYA PÉREZ, Juan (1983): «Una bandera histórica de Betanzos en el Museo de la Real Academia Gallega». *Anuario Brigantino*.
- NÚÑEZ LENDOIRO, José Raimundo y RIVADULLA PORTA, José Enrique (1986): «El Puente Nuevo y la Caramona representados en el blasón de Betanzos de los Caballeros». *Untia: Boletín do Seminario de Estudos Mariñáns*.
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, José Raimundo (2003): «Insignias jurisdiccionales de la ciudad de Betanzos de los Caballeros». *Programa de festas patronais de San Roque*.
- VALES VILLAMARÍN, Francisco (1948): «Heráldica brigantina (I)». *Anuario Brigantino*.
- (1949), «El sepulcro de Andrade «o boo»». *Anuario Brigantino*.
- (2006): *Vales Villamarín: obra completa*. Briga Edicións, Betanzos.
- VEIGA FERREIRA, Xosé M^a (1998): As torres da Caramona ¿ou «de Carmona»? *Anuario Brigantino*.
- VERÍN Y SEIJAS, Manuel Antonio (1812): *Historia de la fundación de la Ciudad de Betanzos antigua y Moderna con varias Notas y adiciones de las Personas Ylustres y Nobles con que fue condecorada, Privilegios Reales y otras Fundaciones pías que en ella se Notan, Capillas, Hospitales, etc. que hubo y oy hay. Ynclúyese y se añade a esta historia la vida de Santo Toribio de Liébana, natural de la antigua Ciudad de Betanzos, un breve compendio de la vida de San Martín de Tours, Patrono que oy día es de la Feligresía de Tiobre, y la de su fervoroso Devoto San Martín de Dumio. Con otras varias curiosidades dignas de saberse extractadas de varios Autores, y vestixios que aun oy se conservan en dicha Feligresía y Lugar de Betanzos o bello*. Manuscrito inédito no AMB (Arquivo Municipal de Betanzos).

APÉNDICE GRÁFICO E DOCUMENTAL




Fig. 1.- Sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez, «REGEDOR : DESTA : CIDADE» (s. XV, igrexa de S. Francisco). Con el vemos o primeiro escudo de Betanzos.



Fig. 2a.- Detalle do primeiro escudo de Betanzos no arcosolio do sepulcro do reixedor Jácome Mouro Reimóndez (s. XV). Os puntos que se ven na ameia central ben poideran ser a pegada dunha estrela hexalfa, imaxe dun rosetón e, por conseguinte, de Deus-Luz como no pomo da espada de Fernán Pérez de Andrade e dun irmán seu no Museo das Mariñas.




Fig. 2b.- Primeiro escudo de Betanzos labrado en pedra na zona oriental do intradós do arcosolio que alberga o sepulcro do reixedor Jácome Mouro Reimóndez (s. XV) no extremo sul do cruceiro da igrexa de San Francisco. Aparentemente representa a Ponte Nova, que por ese tempo tiña tres arcos góticos (un deles aínda o vimos cando se destruíu toda ela no 1969 polo MOPU) e contaba cunha torre defensiva chamada «Caramona» (Veiga, 1998). O problema está en que a Ponte Vella tamén tiña unha torre defensiva (iso si, de dous corpos) e leva a confusión, porque ó longo do tempo será a Ponte Vella a que máis se represente e ás veces figúrase, por razóns puramente estéticas, con tres arcos, cando tiña máis. De tódolos xeitos, os arcos de medio punto e os apartadeiros, xunto coa torre de dous corpos ameada, serán sinais claras de que se representa a Ponte Vella. Por conseguinte, esta imaxe do primeiro escudo de Betanzos e da Ponte Nova (con dúbidas) nel é un caso raro. Sublíñese que aínda non ten os roeis, bezantes ou tortillos, cousa que terá no s. XVI. Por outra parte, a posible estrela hexalfa da ameia central (parece poder reconstruírse a partir dos puntos) falaría (por imitación do pomo da espada de Fernán Pérez de Andrade e dun irmán seu) da imaxe dun rosetón que, á súa vez, é símbolo de Deus-Luz, quen iluminaría o porvir da cidade ó tempo que a cidade o invocaría permanentemente. En calquera caso, esta posible estrela non tería futuro.




Fig. 3a-3b.- Segundo escudo de Betanzos (primeiro cuarto do s. XVI) na pedra orixinal dos canos da Fonte dos Ánxeles, hoxe máis elevada (utilizada como mero ornamento), e coa lenda que indica a súa reutilización no s. XIX cando se fixo a obra ou reforma que chega ata nós: POR EL AIUNTAMIENTO DE 1834. No outro extremo está o escudo do arcediano Pedro de Ben (morto en 1525), que debeu pagar esa fonte renacentista. A torre Caramona ten bastante semellanza coa do primeiro escudo, o que nos levaría a pensar na Ponte Nova, pero os catro arcos de medio punto son inequivocamente da Ponte Vella, o que alimenta a dúbida de cal é realmente a ponte do primeiro escudo (o do sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez).




Fig. 4-5.- Terceiro escudo de Betanzos en pedra no zaguán do Concello. É do tempo do anterior edificio (de época de Carlos V) e fai conxunto co escudo imperial, co escudo de Galicia e cos medallóns renacentistas. Debe datar da década de 1540 ou quizais de un pouco antes de 1549, que é cando Juan de Bergantiños fai os escudos da Porta da Vila (Erias & Veiga, 2002). A utilización pouco rigurosa de cores (vermella en lugar de ouro nos bezantes) na segunda metade do s. XIX, como tamén se fixo na igrexa de Santa María (Erias, 2014), confundiu a don Francisco Vales Villamarín, que as creu orixinais. Por outra parte, inicia a representación da ponte (Vella) e da torre desde varios puntos de vista.



Fig. 6.- Escudo dos Castro (s. XV) na casa nº 45 da Rúa Travesa (Betanzos) cos característicos seis roeis.



Fig. 7.- Cabaleiro cun escudo (s. XV) probablemente da familia Castro (aínda que soamente tren tres roeis) nun capitel dunha capela da igrexa de Santiago (Betanzos).



Fig. 8.- Dous cabaleiros con escudo dos Castro enfróntanse, un con lanza a un porco bravo e outro, con espada, a un grifo (igrexa mosteiral de Cines).
Foto: Salgado.




Fig. 9.- Un dos dous escudos de Betanzos idénticos da *Torre do Reló*, tal como a coñece a xente. Como os do concello, os da Porta da Vila e o imperial que estivo no edificio da cárcere (Erias & Veiga, 2002), deben datar de arredor de 1550 e probablemente tamén foron labrados por Juan de Bergantiños. Seguindo o modelo do escudo do zaguán do concello, represéntase desde varios puntos de vista: de fronte (ponte), lateral para ver as frontes da torre (que tiña catro lados) e desde arriba para a calzada cos apartadeiros e a cúpula da torre, que non é un «mazonado» como creu don Paco Vales (1948). Os bezantes tamén son roeis suavizados.




Fig. 10.- Escudo de Betanzos da Porta da Vila labrado por Juan de Bergantiños en 1549, ano en que pasa o recibo correspondente (Erias & Veiga, 2002). Herda do escudo do zaguán do concello a visión da ponte e da torre Caramona desde varios puntos de vista, pero diferénciase en que non aplica a visión superior á cúpula da torre, o que resulta ser unha proba definitiva de que a torre non tiña ningún «mazonado de gules» como supuxo don Francisco Vales. Como no caso do escudo do zaguán do concello e dos da *Torre do Reló*, os bezantes aparecen suavizados nos bordes, a maneira de brisura dos roeis clásicos dos Castro. Polo demais, a torre de dous corpos ameados, o tipo de ponte de arcos de medio punto e os apartadeiros, remiten á Ponte Vella.



Fig. 11.- Escudos da «Puerta de Vila» (Galicia, España, representada polas armas de Castela-León, e Betanzos), tal como deberon estar colocados orixinalmente. Lenda: LAS [armas]: DEL : REINO E LA : CIBDAD. Sen dúbida era unha maneira de deixar claro diante das intrusionés de nobres como Diego de Andrade e outros máis, que Betanzos era cidade de realengo con xurisdición propia e capital ademais dunha das cinco provincia do Reino de Galicia. Pouco antes, arredor de 1525, figuráronse na capela do arcediano da igrexa de Santiago os retratos do vello emperador, recentemente falecido, Maximiliano, e o novo, Carlos V (Erias: 2014): unha época de desmesurada propaganda imperial que aínda se herda hoxe en escudos de pedra e mesmo en «espellos» de ferro de bastantes portas de casas, que se non son desa época, transmiten o seu eco.



Fig. 12-13.- Carlos V e o seu avó Maximiliano na capela do arcediano da igrexa de Santiago.




Fig. 14.- Escudo de Betanzos, na parede que dá á rúa da Fonte de Unta, do antigo hospital da Anunciata (desde a segunda metade do s. XVII, convento de Agustinas Recoletas). Por estar á beira doutro de Carlos V, debe datarse nos anos finais do seu reinado. Copia o escudo da Porta da Vila e demostra unha vez máis (xa o demostraran os escudos do zaguán do concello e da *Torre do Reló*) que a ponte representada é a Ponte Vella.



Fig. 15.- Escudo de Betanzos (marca de auga), datado en 1764, tomado dunha información de nobreza. Foi publicado por Vales Villamarín (1948) quen interpreta equivocadamente que a torre está mazonada. A torre simplemente remata en cúpula, cousa que xa vimos no s. XVI nos escudos do zaguán do concello e da torre do Reló.





Fig. 16.- Escudo de Betanzos no antigo colexio de Orfas, construído entre 1770 e finais dese século (Domínguez, 2010). Aínda que a ponte ten tres arcos, remite á Ponte Vella o mesmo que a súa torre Caramona, que se figura con tres puntos de vista: frontal, lateral dereito e lateral esquerdo. Os bezantes non teñen os bordes suavizados como nos escudos do s. XVI. Por primeira vez en pedra vemos a palma e o loureiro triunfais, ademais de froitas e outros ornamentos que remiten á fertilidade da terra betanceira, moi en liña co gusto clásico polas coroas triunfais, as guiraldas e as cornucopias. E tamén por primeira vez vemos a coroa, destruída na Primeira República



*El Campo del escudo, está equipocado, pues figura sinople
 o Verde, y no es, ni debe ser sino azul, o azur, habiéndose
 con equivocación del Platero:
 Los Roelos, o Rosales son de oro: el Castillo de Plata, co-
 mo el Puente = el fondo verde de la Corona, es de Plata, o de
 oro-*

Fig. 17-18.- Escudo heráldico de Betanzos proposto por don Joseph Vañales Bourbon no 1781 (García Ledo, 1985). Á dereita traduzo a cores o boceto, corrixindo o fondo de sinople (verde) por azur (azul), tal como di o autor ó pé do deseño.



*de fondo etaux
 Inel primer Cuartel, un castallo de plata el
 mercado de oro sobre un Puente de plata aferrado
 e si el agua queda en paso avn. Rio que muerge en son
 de sinople, al mismo fondo etaux 6 Roelos de oro,
 el dundo coronado alises, y perlas, orlado de capucho*

Fig. 19-20.- Escudo heráldico de Betanzos proposto por don Caio Hacha de Patiño no s. XVIII, arredor de 1781 (García Ledo, 1985). Á dereita tradución a cores desta proposta.

Fig. 21.- Medalla conmemorativa:

«EN LA AUGUSTA PROCLAMACION DE FERNANDO VII AÑO DE 1815». Reverso: «LA M(uy) N(oble) L(eal) Y R(eal) ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS»

(Vales, 2006: 682). O deseño deste escudo terá amplo percorrido nas dúas restauracións de Fernando

VII (1814-1820 e 1823-1833). Probablemente foi deseñada por F. Pardo, que fará un gravado magnífico no 1824, a menos que Pardo sexa soamente o gravador e se nos agoche o autor do deseño.



Fig. 22.- Selo do «[REGIMIENTO] PROVINCIAL DE BETANZOS» nun oficio do 12-08-1816 (AMB, VV-21-9). É moi esquemático, non ten bezantes, como os dous primeiros escudos coñecidos, cousa rara neste momento, e, curiosamente, sigue as directrices de don Caio Hacha de Patiño, arredor de 1781, no que se refire ó «**castillo de plata almenado de tres torres**», un elemento heráldico que soamente de maneira moi lonxana e imprecisa remite ás torres Caramona das pontes Vella e Nova. Mesmo as bases laterais alzadas desta esquemática e impersoal ponte permitirían pintalas de «sinople» (verde) como prescribían don Joseph Vañales de Bourbon e don Caio Hacha de Patiño.



Fig. 23.- Antiga medalla de ouro de «Regidor» de Betanzos (Museo das Mariñas). O emprego de dúas ramas de loureiro remite ó escudo do antigo colexio de Orfas (arredor de 1780), alí con palma e loureiro. Por outra parte, a ponte recórdanos a do selo do «[REGIMIENTO] PROVINCIAL DE BETANZOS» no oficio do 12-08-1816, pero tamén pode haber un eco xeral do estilo das dúas restauracións de Fernando VII. Por conseguinte, sendo como é unha peza rara, cabería datala arredor de 1800 e de xeito máis amplo, entre 1780 e 1833.





Fig. 24-25.- O escudo de Betanzos e o Real no pendón máis antigo que se conserva da cidade. De orixe medieval, xa se documenta no s. XVI, pero este que vemos, logo da destrución dos invasores franceses (xaneiro de 1809) debeu confeccionarse para a proclamación de Fernando VII en 1815 e logo arranxarse para a de Isabel II no 1833. No 1906 substituíuse a deteriorada tea de damasco e no 1979 foi restaurado de novo (datos de Núñez, 2003). Inspirado no do Colexio de Orfas (aínda que engade a cúpula que se vía no s. XVI), é un estilo que se repite con insistencia na época de Fernando VII e despois.




Fig. 26-27.- Escudo do Cuartel de Milicias de Betanzos (Museo das Mariñas). Lenda: QUARTEL DE MILICIAS. SE REEDIFICÓ EN EL AÑO DE 1818. REINANDO EL SEÑOR D(º)N FERNANDO VII SIENDO YNSP(ect)OR GENERAL EL EXMO. SEÑOR MARQUES DE VILLANUEBA DE DUERO CONDE DE VILLAVIEZO. A coroa foi destruída na Primeira República. Sobre marco ovalado de raíz clásica como o do Colexio de Orfas, resulta máis sobrio nos adornos, pero en xeral inspírase nel. A ponte remite á Ponte Vella (aquí con cinco arcos, tres evidentes e dous que se inician, aínda que sen figurar os apartadeiros). A torre, de dous corpos, resuta tamén moi similar, pero coa vantaxe de representarse con só dous puntos de vista (frontal e lateral dereito) co que gaña en idea de perspectiva e resulta máis comprensible. Os bezantes tamén aparecen como tales e non como roeis suavizados.






Fig. 28.- Extraordinario gravado de F. Pardo, de 1824, tomado dun nomeamento de sarxento do corpo de «*Fieles Voluntarios Realistas de Betanzos*» e publicado por Vales (1948), que di o seguinte: «*Campo, azul. Nótese la forma alomada del puente. No se indica el mazonado. Flanqueando la torre -que es de plata como el puente-, bezantes de oro en lugar de tortillos de gules. Circundan el blasón los muy honrosos títulos que, con legítimo orgullo, ostenta la ciudad, hallándose timbrado de corona real cerrada. Como ornamentación, ramas de palma y laurel, aperos de labranza y diferentes frutos*». Cando Vales subliña que a torre non está mazonada e que os bezantes son de ouro en lugar de «tortillos» de gules (vermellos), non fai máis que deixar patente o erro que cometeu ó dar por boas e orixinais as cores do escudo do zaguán do concello, da primeira metade do s. XVI. Porque este gravado subliña todos os elementos que viñan do pasado, incluídas as cores e metais que se documentan no 1781. E como é lóxico, traduce o escudo do pendón de 1815 (fig. 24).



Fig. 29.- Tradución a cores do gravado de F. Pardo de 1824 (liñas horizontais = azul; branco = prata; puntos = ouro). Debeu de ser, xunto coa medalla da proclamación na cidade de Fernando VII en 1815, a referencia principal para numerosos escudos do futuro. Sen embargo, como símbolo utilizado polos «*Fieles Voluntarios Realistas de Betanzos*», é, sobre todo, unha imaxe da segunda restauración do absolutismo, co retorno final de Fernando VII, logo da caída do Trienio Liberal. «*La Muy Noble Leal y Real*» é unha declaración absolutista de fidelidade a Fernando VII por parte do Concello, que no 1825 tira a espada de Quiroga ó Mandeo desde a ponte (Vales, 1948). Desaparecida a Constitución de Cádiz, empeza a Década Ominosa (1823-1833). Os liberais que non lograron fuxir foron reprimidos polos Cen Mil Fillos de San Luis. Riego foi aforcado en Madrid. Expulsáronse milleiros de funcionarios, sobre todo mestres. Estableceuse unha estricta censura e un plan de estudos universitarios reaccionario. Instauráronse as «*Juntas de Fe*» (a de Valencia executou ó último herexe, un mestre de escola). E desconfiando o rei do exército, creou os corpos de «*Fieles Voluntarios Realistas*», organizados en batallóns, que dependían dos concellos...



Fig. 30-31.- Bandeira de seda morada do «Regimiento de Milicias de Betanzos», sen dúbida dos «Fieles Voluntarios Realistas» de Fernando VII (Museo da Real Academia Galega). Lenda: MILICIA NACIONAL DE LA PROVINCIA DE BETANZOS 4º BATAILLON. No centro, o escudo de España. Nas catro esquinas, o de Betanzos (Naya, 1983). Está emparentado coa medalla da proclamación de Fernando VII en Betanzos no 1815 e co gravado de F. Pardo de 1824. A orixe destes corpos de cidadáns fóra do Exército data da Guerra de Sucesión, pero empezan a regularse na Constitución de Cádiz (1812), no contexto da Guerra da Independencia. Neste caso, é un corpo que se crea o 10-06-1823 para represaliar ós liberais na chamada Década Ominosa (1823-1833).



Fig. 32.- Nesta medalla de prata, conmemorativa da proclamación de Isabel II en Betanzos no 1833 (imaxe de Vales Villamarín), vemos repetido o deseño (mellorado tecnicamente) da medalla de proclamación de Fernando VII en Betanzos no 1815 e tamén o do gravado de F. Pardo de 1824 (incluídos os símbolos de cores e metais). A lenda de fidelidade ó rei por parte da cidade repítese: «LA M(uy) N(oble) L(eal) Y R(eal) ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS».



Fig. 33.- De novo vemos a estética da medalla da proclamación de Isabel II na publicación do *Quinto Centenario do Voto a San Roque* (1916).



Fig. 34.- Selo do «REGIMIENTO PROVINCIAL DE BETANZOS» nun oficio do 20-09-1833 (AMB, VV-21-9). Sigue a estética das medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833), e máis do gravado de F. Pardo (1824), aínda que rematada por unha coroa real aberta que, por outra parte, semella tamén unha «real» flor de lis.



Figs. 35-36.- Escudo de Betanzos na caixa ou tambor dos bandos (Museo das Mariñas). Lenda: «LA MANDO CONSTRUIR PA(ra) SUS FUNCIONES EL AYUNTAMIENTO DE LA CIUDAD DE BETANZOS EN EL AÑO 1844». Sen as ferramentas alusivas ó traballo e á industria, é unha copia case literal do gravado de F. Pardo de 1824, incluídos os símbolos cromáticos (liñas paralelas horizontais para azul, puntos para **ouro**) e das medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833). Xa de vello dábanse os edictos e os bandos (que se fixaban na fachada do concello e portas da cidade) a «toque de pífano y caja» (oficio en libro de actas de 29-01-1824).





Fig. 37.- Escudo de Betanzos de prata noutro pendón real da cidade. Tipoloxicamente forma parte do mesmo contexto (a Década Ominosa, 1823-1833, de Fernando VII) en que se producen outros máis. Polo tanto, debeuse facer para preservar o pendón de 1815 (figs. 24-25), quizais deteriorado polos avatares políticos o mesmo que o retrato de Fernando VII, que recibiu uns balazos.



Fig. 38.- Escudo de Betanzos nun vello sombreiro do traxe de maceiros (saen en parella) do Museo das Mariñas. Herdeiro das medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833), e máis do gravado de F. Pardo (1824), pode datarse, por coherencia de estilo e de simboloxía, na Década Ominosa (1823-1833), pero tamén pode ser dun tempo posterior, previo sempre ó Sexenio Revolucionario (1868-1874). Delimita os sillares da torre como a medalla de Isabel II e utiliza dúas palmas (que non ata con lazo) en vez da palma e loureiro do gravado de F. Pardo. Outra variación con respecto a esta medalla e gravado está no feito de non marcar os puntos simbólicos do ouro nos roeis, porque probablemente estivo pensada esta peza para levar esmaltes.



Fig. 39.- Selo da «PROTECCION Y SEGURIDAD PUBLICA DE LA COMISARIA DEL DISTRITO DE BETANZOS» que aparece nunha licenzia para usar unha escopeta, o 24 de xullo de 1844. É unha evolución do escudo das medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833) e máis do gravado de F. Pardo (1824), pero ampliando os arcos da ponte e demostrando que unha ponte de tres arcos nun escudo de Betanzos non ten por que referirse á Ponte Nova (AMB, c. 1067). Estamos na Década Moderada (1843-1854) cando se crea a Garda Civil (1844), se proclama a Constitución de 1845, se promulga unha lei electoral para un réxime oligárquico (1846), etc.




Fig. 40.- Escudo da Ponte das Cascas. Lenda: «*POR EL AYUNTAM(ien)Tº DE 1846*». No ten coroa: é o ano da sublevación do coronel Miguel Solís, que en Galicia remataría cos fusilados «mártires de Carral». Xa destruída a torre Caramona da Ponte Vella no 1823, queda memoria de que tiña dous corpos ameados, unhas fiestras nos dous corpos, pero non se figuran os arcos a pesar desa mal construída dobre visión lateral da ponte que intenta recordar a múltiple do s. XVI, sen conseguilo. Por outra parte, a cúpula redonda orixinada no s. XVI e que se mantén no tempo de Fernando VII aquí semella un tellado, que quizais tamén tivo.




Fig. 41-43.- Escudo de Betanzos no respaldo dun banco, atopado por quen suscribe en 1981 na carpintería municipal (hoxe Conservatorio de Música) e levado para o Arquivo Municipal de onde pasou ó Museo das Mariñas. Ten un certo parecido co escudo da Ponte das Cascas, pero o feito de faltarlle as ameas pode ser indicativo de que data dos anos do Sexenio Revolucionario ou da Primeira República cando as ameas eran signo de Antigo Réxime. Arriba, debuxo; abaixo, o escudo orixinal (Museo das Mariñas) e unha magnífica versión do escultor Luis Otero para o tímpano do templete de entrada ó museo. A torre ten visión frontal e dobre visión lateral e sigue a amosarnos o tellado, o que reforza a posibilidade da súa existencia nalgún momento.



49

Al. Jefe Político
de esta Prov. en Betanzos
a 14 de Mayo

Este Ilustre Ayuntamiento para distintivo de las demás autoridades de la Ciudad, cuando todas a la par asistan con el mismo a los actos públicos que tienen lugar en ellas y otros de su servicio, ... acordó la construcción de una **medalla de plata** para cada cual de los individuos que componen la Corporación, con las **Armas de la Ciudad**, y la inscripción de **«Ayuntamiento Constitucional de Betanzos»**... (AMB, c. 54).

En su consecuencia se dio un conducto de aprobación, y convenientemente la corporación de esta ciudad, para que use la medalla en sus actos, y en las demás funciones que deba presidir. Y como hasta tanto quanto subsista su suprema revolución, no puede llevar a efecto la referida determinación, se ruega ten presente la bondad de organizarla lo antes posible, para que permita su pronta ejecución, y dar me lo comunico de ello para que se pueda poner a efecto lo antes posible.

Dios y
D. de la Torre.

Fig. 44- Oficio dirixido desde o Concello ó «Xefe Político de esta Provincia» o 6-08-1849: «Este Ilustre Ayuntamiento para distintivo de las demás autoridades de la Ciudad, cuando todas a la par asistan con el mismo a los actos públicos que tienen lugar en ellas y otros de su servicio, ... acordó la construcción de una **medalla de plata** para cada cual de los individuos que componen la Corporación, con las **Armas de la Ciudad**, y la inscripción de **«Ayuntamiento Constitucional de Betanzos»**... (AMB, c. 54).
Noutra páxina dise que cada concelleiro pagará a súa.




Figs. 45-46.- A estética dos motivos centrais deste selo ten a súa lonxana orixe na primeira (1814-1820) e segunda (1823-1833) restauración absolutista de Fernando VII. Sen embargo, estes selos son moi posteriores. O primeiro data do 30-04-1850 (AMB, c. 915) e di, «*ALCALDIA CORREGIMIENTO DE BETANZOS*». O segundo é do 23-07-1873 e di, «*ALCALDIA CONSTITUCIONAL DE BETANZOS*». De similar estética, o primeiro ten dúas espadas ós lados da cabeza do rei Brigo, mentres que o segundo ten dous fusiles con baionetas caladas. Di Vales (1948) ó respecto dunha imaxe similar á primeira: «*Como timbres, la cabeza coronada del rey Brigo -legendario fundador de Betanzos-, diversas armas, el pendón municipal, la enseña de la nación y las dos banderas de nuestro antiguo Regimiento Provincial*».



Figs. 47, 48, 49.- Escudo nun selo do «*INSTITUTO DE 2ª ENSEÑANZA LIBRE DE BETANZOS*» (27-05-1873). Outro do «*JUZGADO MUNICIPAL DE BETANZOS*» nun oficio do 24-07-1888 e outro máis no libro de actas do 11-01-1902. A pesar da distancia temporal non hay cambios significativos.



Fig. 50.- Selo moi raro nun oficio do alcalde Mateo Cereijo do 25-11-1873, correspondente á brevísima etapa da Primeira República Española (do 11-02-1873 ó 29-12-1874). A lenda, «ALCALDIA REPUBLICANA FEDERAL DE BETANZOS», é indicativa de que na nosa cidade, nese momento, adáptanse os republicanos á vía federal (cantonal) triunfante e non á unitaria que representaría máis tarde o goberno de concentración (constitucionais, radicais e republicanos unitarios, excluindo ós federais) presidido polo xeneral Serrano, último presidente da Primeira República (do 3 de xaneiro ó 29 de decembro de 1874). Neste escudo o elemento máis singular é o **gorro frixio** que na arte antiga simboliza ós asiáticos; utilízano os deuses Attis e Mitra e tamén o empregan os libertos e os asasinados de César. É emblema de Liberdade e Republicanismo na Independencia de Estados Unidos e na Revolución Francesa, acentuando esta función no s. XIX. En Betanzos aínda o veremos máis tarde, en 1932, nunha proposta gráfica de Francisco Javier Martínez Santiso (fig. 79) que, por esta e outras razóns (fig. 73), se pode calificar de republicano.



Figs. 51-54.- Escudos nos programas de festas patronais de 1900 (L. Álvarez), 1903, 1906 e 1909 (estes tres de F. J. Martínez Santiso). Vese no 1909 que a ponte é a Vella.





Fig. 55.- Escudo de Betanzos na Fonte de Picachá, deseñada por Francisco Javier Martínez Santiso. En estilo esquemático, os bezantes non teñen os bordes suavizados. A ponte é a Vella.



Fig. 56.- Escudo de Francisco Javier Martínez Santiso que aparece nos programas de festas patronais de 1915 e 1920.



Figs. 57-60.- Escudo deseñado polo arquitecto Julio Galán nas farolas modernistas da Porta da Vila (1911). De novo vemos os bezantes cos puntos que indicarian ouro, mentres a ponte de catro arcos soamente pode remitir á Vella. O mesmo pasa coas farolas do Campo e as que flanquean a escalinata do Edificio Arquivo, datables despois da primeira década do s. XX.





Fig. 61.- Arriba, escudo diseñado por Francisco Javier Martínez Santiso para o programa de festas patronais de 1912: M(uy) N(oble) M(uy) L(eal) REAL Y ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS. Timbrado co mítico rei Brigo. Bezantes de ouro sobre fondo azul. Ponte Vella (arcos de medio punto e apartadeiros) de prata. Atributos militares (armas, bandeiras, trompetas; delfíns e áncoras derivados dos engadidos en 1735 cando se creou o «Regimiento Provincial de Betanzos».

Fig. 62.-Baseándose no deseño de F. J. Martínez Santiso de 1912, Emilio de la Iglesia Caruncho deseñou a portada do primeiro *Anuario Brigantino* de 1948 na que desaparecen as trompetas e os delfíns (substituídos simbolicamente por unha gran áncora inferior), así como os puntos indicativos do ouro nos bezantes.



Fig. 63.-Un anuncio co escudo de Betanzos, deseñado por Antonio Núñez Díaz (1916) para o seu establecemento: «Baules de lujo Armazón privilegiada Patente nº 49.400». Vémolo na publicación de 1916: *En el Quinto Centenario del Voto a su Glorioso Patrono San Roque*.



Figs. 64-65-66.- Sobre o redeseño de Emilio de la Iglesia Caruncho (a partir do de Martínez Santiso de 1912), e con poucas diferencias (a máis importante, a desaparición da áncora inferior, substituída por un pergameo que recorda o deseño de M.S., farase máis tarde un reposteiro, un selo do Concello (o que vemos é dun documento do 26-08-1976) e unha talla na fronte da mesa presidencial da Sala Capitular nos anos 40 do s. XX.



Fig. 66b.- O 2-11-1943 a cidade concédelle a Franco a primeira medalla de ouro e o marco co diploma correspondente contén un escudo moi similar ó da mesa presidencial da Sala Capitular, polo que podemos pensar que é posible que o escultor fose o mesmo, o coruñés José Juan González, e a datación das dúas obras rondase o 1943.





Figs. 67.- O «Consejo local de los Exploradores de España en Betanzos» creouse en xullo de 1915 e no 1916 xa había arredor de 100 *scouts*, alentados polo alcalde Antolín Sánchez Valeiro.



Figs-68ab.- Escudo de «LOS EXPLORADORES DE ESPAÑA TROPA DE BETANZOS» (Museo das Mariñas). Pode datarse en 1915. Siguen os bezantes de ouro e a cúpula da torre que xa se indicaba no s. XVI e se perpetuou na época de Fernando VII e máis aló.



Fig. 69.- Escudo das «Escuelas Jesús García Naveira», de 1917, deseñado polo arquitecto Rafael González Villar en clave ornamental *art nouveau*, pero mantendo interiormente a estética da época de Fernando VII.



Figs. 70-71.- Escudo da cidade na bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos, de 1917-1918 (bezantes de ouro), probablemente deseñada por Camilo Díaz Baliño. Museo das Mariñas.



Fig. 72.- Un dos dous escudos de Betanzos idénticos da fachada da casa Núñez (hoxe CIEC), deseñados, o mesmo que a casa, en 1923 por Rafael González Villar con estética postmodernista e detalles *art nouveau*. Siguen os seis bezantes de ouro.




Fig. 73.- Crítica de F. J. Martínez Santiso no 1927 ó réxime da Restauración e á Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), o que xustifica a súa querencia polo republicanismo, manifestada no seu deseño do escudo de 1932 con barretina (fig.79), inspirado no de 1873 da «ALCALDIA REPUBLICANA FEDERAL...» (fig. 50). AMB, c. 4394.



Fig. 74.- Escudo no programa de festas patronais de 1927.



Fig. 75.- Placa de prata ofrecida polo pobo de Betanzos a don Juan García Naveira cando cumpriu 80 anos: «1849 16 MAYO 1929 Al Excmo. Sr. D. Juan García Naveira En el octogésimo aniversario de su nacimiento. Con todo el cariño, gratitud y respeto á



que sus grandes merecimientos le hacen acreedor. Por el Patronato José Baños Noya, Antonio Núñez Díaz. Las Escuelas García Hermanos, por el profesorado, M^a de los Dolores Espadas, Luis Soto López. Por los alumnos, María Núñez Edreira, José Souto Naveira» (Museo das Mariñas). A pesar do tempo transcorrido, este escudo é un *revival* dos que vimos nas medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833), do gravado de F. Pardo (1824), etc. Por intermediación de don Jaime Lafora, foi doada ó Museo das Mariñas polos bisnetos de don Juan García Naveira, dona M^a del Rosario e don Ricardo González Rodríguez, o 21-10-2013.




Fig. 76.- «Proyecto de distintivo, divisa ó Insignia del Alcalde de la Ciudad de Betanzos formado por F. Javier Martínez Santiso. Betanzos Junio de 1929». AMB, c. 4394.

Proyecto
de distintivo, divisa ó
Insignia del Alcalde
de la
Ciudad de Betanzos.



La medalla y el bastón de mando son las insignias oficiales de la primera autoridad local; pero estos distintivos, propios de actos solemnes, para estos casi exclusivamente se reservan, y como en gran número de otros oficiales y oficiosos no es costumbre ni comodidad el uso de los distintivos reglamentarios se hace necesario que la persona investida con el supremo cargo municipal se distinga fácilmente a primera vista por alguna señal inequívoca.

Deusámonos de no haber invertido tiempo alguno en hacer investigación de los antecedentes que acerca de tales distintivos pudieran existir en los Archivos locales, ni de pedir noticia a otras poblaciones, por parecemos que las reglas de la Heráldica bastan para resolver el problema.


